

**Manuel Dosouto Rodríguez**

**DOP**

- 1-Oxalá desapareceras  
oxalá desaparezas neste espazo baleiro  
nese espazo baleiro  
naquel espazo baleiro  
Espazo baleiro dunha infancia que non lembro
- 2- Espazos baleiros dunha infancia que non lembramos
- 1- Que estás a dicir?
- 2- Digo que
- 1- Que dis
- 2- Repetireicho
- 1- O que
- 2- Son coma un imán para xente coma ti  
encargada de amestrar a xente coma min  
lembras?  
Estabamos niso  
son incapaz de resistirme ao teu rostro  
e todo iso
- 1- Si mellor
- 2- Mellor
- 1- Mellor si
- 2- Moito mellor
- 1- Moito mellor
- 2- Alégrome
- 1- Case  
de que?
- 2- De que lembres
- 1- Non
- 2- Non
- 1- De que lembres  
Perfecto
- 2- Perfecto  
Expílicate
- 1- Mellor
- 2- Mellor que?

Explicáte

1- Moito mellor

2- O que ho

1- Ti

2- Eu

1- Ti

Explicáte mellor

2- Bufff

Traballo en colaboración cos pais e  
as industrias da comunicación social  
e entretemento

Axudo na difícil pero satisfactoria  
vocación

de educar a nenez

coa presentación de modelos edificantes  
de vida e amor humanos

Enténdeo

Repíte conmigo

1- Non lembro

2- Como dis?

1- Demasiado texto

2- Que queres dicir?

1- Digo que

2- Que dis

1- Rápido

2- Como

1- Moi rápido

2- Agarda

1- Hai un momentíño era coma se

2- Si

si

non coma

1- Non

non

era coma

2- Un imán

- 1- Irresistible  
2- Para xente coma ti  
1- Non sei  
2- Encargada de amestrar  
1- Non hai quen o resista  
2- A xente coma min  
    son coma un imán para xente coma ti  
    encargada de amestrar a xente coma min  
    lembras  
    lembras?
- 1- Hai un momentíño era coma se  
    non  
    non  
    era coma se  
    irresistible  
    non sei  
    non hai quen o resista
- 2- Sssshhhh  
    sssshhhh  
    silencio  
    silencio  
    É moi desmoralizador
- 1- Destrutivo  
1 + 2- Para todos nós  
2- Cando ocorre todo o contrario  
    séguesme?
- 1- Estou canso  
2- Entenrécesme  
1- Moi canso  
2- Desfareite  
1- Canso estou  
2- Caerás rendido aos meus pes  
    Síntoo
- 1- Sinto moita dor  
    non podo controlala  
    o sangue deslízase pola miña pel

como unha caricia desbordada  
incontrolada  
descoidada  
intencionada  
que non ten outro propósito que  
transformarme

Si

Gústame

Mentiría se o negase

Recoñezo que me gusta

Gústame que me golpeen

Améstrame

Faime ben

que me golpeen ben forte

Ben moi ben

golpeen máis forte

máis

máis

máis

2- Es coma un imán para xente coma nós

encargados de amestrar a xente coma ti

1- Son coma un imán para xente coma ti

encargada de amestrar a xente coma min

2- Non

1- Non

2- Coma ti non

coma vós

1- Vós

2- Si

1- Eu non

vós

2- Vós

1- Eu non

Perfecto

hihihihihihihi

2- Hihihihihihihhi

- 1- Perfecto  
perfecto
- 2- O corpo de Cristo
- 1- Vaia hostia
- 2- Vaia hostia
- 1- O corpo de Cristo  
Perfecto
- 2- Hostia vai
- 1- Bufff
- 2- Onde vas?
- 1- Vaite
- 2- Vén
- 1- Non
- 2- Vaite e vén
- 1- Non
- 2- Volve
- 1- Non
- 2- Regresa
- 1- Non
- 2- Achégate
- 1- Ben
- 2- Ben
- 1- Achégate
- 1 + 2- Perfecto
- 2- Sssshhhh  
ssshhhh  
silencio  
silencio  
Os máis tímidos  
Os máis tímidos  
Ti máis ti  
Os dous  
Para un lado  
Xa
- 1- Noto cambios
- 2- Veña máis

- veña máis  
máis veña
- 1- O meu corpo comeza a cambiar  
Estou  
multiplicado por dous  
Iguar
- 2- Por completo
- 1- Por completo
- 2- Igual
- 1- Perfecto
- 2- Perfecto
- 1- Igual  
Perfecto
- 2- Isto é máis complicado
- 1- Máis
- 2- Moito máis
- 1- Por Deus
- 2- Sssshhhh  
ssshhhh  
silencio  
silencio
- 1- Mais creo que vas estourar
- 2- Isto
- 1- Que?
- 2- Os teus ollos
- 1- Que lles pasa os meus ollos
- 2- Creo
- 1- Que
- 2- Parecen
- 1- Cres  
parecen  
que?
- 2- Pareces escoitar
- 1- Contemplo
- 2- Contemplas
- 1- Atende





Centrádevos carallo  
Carallo pero non tanto

2- Váiseme das mans

1- Merda

2- Non son capaz de controlalo

1- Merda

Onde ides?

onde ides?

Eiiii

Agora comezaba a notar cambios

Eiiii

En serio

Póñoime serio

Non me fai graza

Agora que teño a cara coma un melón

A mirada sobre o mesmo acontecemento

cambiou

Dígovolo en serio

Tamén a visión da cor

Parezo un melón

non

non

contestade

Contestade hostia

vinde

2- Non

1- Volvede

2- Non

1- Regresade

2- Non

1- Achegádevos

2- Mágoa

1- Non me fai graza

enténdeseme

non se me entende

como corren os cabróns

- faiame graza  
Non  
non chega a miña voz  
Por que me abandonades?  
Dop  
Entrades ou quedades?
- 1- Síntome incómodo  
Chegado este momento  
xa non sinto nada  
Non sei como me sinto  
Dop  
Si Non
- 1-Non  
Dop Non
- 1- Síntoo  
Dop Entón é non
- 1- Cambiareina  
Dop Si non  
Decídase
- 1- Non  
Non sei  
Dop Non temos todo o día  
É cuestión de decidir
- 1- Fácil dicilo  
difícil facelo  
ou era ao revés  
non podo  
non podo  
non podo pensar  
Non atopo a postura adecuada para  
pensar  
Dop  
Encóntrase ben?
- 1- Estou tan inchado  
Dop non
- 1- Non

- Dop Non
- 1- Non  
perfecto  
Dop Que
- 1- Que?  
Dop que quere dicir
- 1- Reparto  
Dop como
- 1- Perfectamente  
Dop non entendo
- 1- Reparto perfectamente  
Dop explicate
- 1- No espazo  
Dop amodo
- 1- Non  
Dop non
- 1- Amodo  
perfecto  
non encaixo no espazo  
estou tan inchado  
podédesme axudar  
podédesme axudar  
por favor  
Dop Está ben  
está ben  
está ben
- 1- Estou ben  
Dop Encóntrase ben?
- 1- Encóntrome ben  
Dop ben
- 1- Ben  
Dop Perfecto